

**Descrición decreto: RECUPERACIÓN DAS FUNCIÓNS DE
ALCALDÍA DELEGADAS POR MOTIVO DE AUSENCIA DE ALCALDÍA**

Expediente TEDEC: 2023/X999/000035

**DON XOÁN XESÚS CARRIL RAMOS, ALCALDE PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)**

En virtude do decreto 542/2026 de data 04/08/2026 delegouse a totalidade das funcións da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde Don José Luis García Lopez, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante o período de baixa médica do alcalde.

Visto que a data de hoxe xa desapareceu a causa que motivou no seu día a delegación de funcións citada.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e artigo 9 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Recuperar as funcións de alcaldía delegadas no seu día en virtude e co detalle do decreto citado anteriormente no primeiro parágrafo desta resolución, dado que desapareceu a causa que motivou a súa adopción en tal data.

SEGUNDO.- Notificar este decreto ao titular da alcaldía en funcións aos efectos do seu coñecemento

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello para coñecemento xeral dos cidadáns, así como no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que esta celebre

En Arzúa firmado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

O Alcalde - Presidente

Dou fe, O Secretario

Asdo.- XOAN XESÚS CARRIL RAMOS

Asdo.- ALFONSO MANUEL ALCALÁ PÉREZ